

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 31 DE MARZO DE 2011

SRES. ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

DONA M^a DOLORES GARCÍA GIMÉNEZ

CONCELLEIRAS/OS ASISTENTES:

D. MANUEL RODRÍGUEZ CUERVO

DONA M^a VICTORIA HIERRO LORENZO

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. JOSÉ RAFAEL MEMBRIVES ROJAS

DONA SUSANA CAMIÑO PÉREZ

D. ÁLVARO CAROU GARCÍA

D. TOMÁS JAVIER FOLE DÍAZ

DONA M^a TERESA REY BARREIRO MEIRO

DONA ROCIO ANA LLOVO DEL RÍO

DONA MARTA RODRÍGUEZ ARIAS

D. JAIME RAMOS LORENZO

D. JESÚS PÉREZ ARCA

D. MANUEL ANGEL TARRÍO FERNÁNDEZ

D. XOSÉ CASTRO RATÓN

DONA ANA ISABEL LORENZO FRAGA

DONA ROSA MARÍA ABUÍN RODRÍGUEZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

D. RAMÓN BUENO PIÑEIRO

DONA M^a DOLORES CUEVAS RIVAS

D. JOSÉ LUIS RIVERA MALLO

SECRETARIA:

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA:

DONA CARMEN GÓMEZ OTERO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as dezoito horas do día 31 de marzo de 2011, baixo a Presidencia de DONA M^a DOLORES GARCÍA GIMÉNEZ, e coa asistencia da Secretaria e Interventora, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 24 de febreiro de 2011.
2. Solicitud de posta en valor dos restos da antiga pasarela.
3. Solicitud de mantemento do servizo prestado por Atendo na Estación de Vilagarcía de Arousa.
4. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía do mes de febreiro de 2011.
5. Dación de conta do nomeamento do Concelleiro D. Alvaro Carou García coa delegación específica de Saúde Pública, Formación e Emprego.
6. Dación de conta de nomeamento da Concelleira Dona Tania García Sanmartín como Presidente da Comisión Informativa de Ordenación, Xestión do Territorio, Obras e Servizos, en substitución de D. Marcelino Abuín Duro.
7. Dación de conta da participación do Concelleiro D. Alvaro Carou García en diversas Comisións Informativas, en substitución de D. Marcelino Abuín Duro.
8. Declaración Institucional con motivo do día 8 de marzo.
9. Aprobación inicial, se procede, do primeiro Plan Municipal para a conciliación da vida persoal, familiar e profesional da cidadanía de Vilagarcía de Arousa.
10. Aprobación inicial, se procede, do Regulamento polo que ha de rexerse a Mesa Local de Comercio, así como a designación de dous representantes municipais.
11. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG sobre declaración deste Concello como zona non nuclear.
12. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG en defensa das persoas afectadas polas hipotecas.
13. Interpelacións.

14. Rogos e preguntas.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Pola Sra. Alcaldesa pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta da sesión anterior, de data 24 de febreiro de 2011.

- O Sr. Rivera Mallo indica que na páxina 17, na votación do punto 7 da orde do día, non figura o voto favorable de IVIL (1).

- O Sr. Carou García indica que na súa toma de posesión o imperativo legal so se refería a lealdade ao Rei e non ó resto da fórmula da toma de posesión.

Con estas rectificacións queda aprobada a acta por unanimidade.

2.- SOLICITUDE DA POSTA EN VALOR DOS RESTOS DA ANTIGA PASARELA.-

Dáse conta de que por D. Juan Carlos Porto Bouzas en nome da Comisión Cidadá pola Recuperación do Patrimonio e a Asociación de comerciantes Zona Aberta, presentouse, coa data de 25 de marzo de 2011, un escrito no Rexistro Xeral do Concello, solicitando a inclusión na Orde do Día do Pleno do seguinte documento, e a intervención na súa defensa de D. Juan Carlos Porto.

“ Era finais de 2010, fai só tres meses, cando falabamos aquí diante do pleno do Concello, para que se debatise sobre o ataque ó patrimonio sentimental da nosa vila.

Hoxe, desgraciadamente volvemos.

Esta vez, por sorte, non é por un ataque pero si por un intento de ocultamento.

Con motivo das obras realizadas para a peatonalización da Rúa Arcebispo Andrade dentro do entorno do río do Con, II Fase, realizouse unha cata na citada rúa onde se puxeron ao descuberto os restos da antiga pasarela que unía o convento de Vista Alegre coa igrexa de Santa Baia.

Ante a posibilidade de por en valor estes restos e que estes pasen a formar parte do patrimonio visible da nosa vila puxémonos na tarefa de conseguir da concellería correspondente ese compromiso para levar a cabo esa posta en valor.

Por iso, aquí e agora, queremos abrir unha ventá no tempo para tratar de atender a petición popular de posta en valor dese Patrimonio Sentimental e Social de Vilagarcía.

E esta solicitude provén despois de ver como outros elementos patrimoniais de Vilagarcía van desaparecendo, vítimas da especulación na súa mellor parte: a casa dos Abalo, a casa de Buhigas-RAsilla, o Casino, a Casa de Montero na Praia Compostela, coñecida popularmente como a casa do coño, o alonxamento do mar, o muelle de Ferro, o Varietés, o Balneario da Concha, a Casa dos Güimiles, o Banco de Coruña, a desfeita do Barrio da Prosperidade, a Tomada de Carril, a rocha da Concha, o Petouto de Carril, o recheo de Vilaxoán, a destrución do Fantasio, a falsa Praia de Vilagarcía, o Palco da Alameda, as fontes do Carril e do Campo....., son símbolos que foron e que xa non están para desgracia dos nosos herdeiros. E a sociedade vilagarciana non pode permitirse luxos de desprenderse de mais retazos de historia social polo que agora é o momento, aínda estamos a tempo de salvar espazos con valor, aí están as ruínas nas que están as casas de Terranova, as do Castro, ou o edificio Poyán e outros edificios parellos e que se atopan no centro de Vilagarcía.

E por elo que desexamos que se debata a posibilidade da posta en valor coa construción dunha ventana arqueolóxica, cos debidos requirimentos, para que se poidan visualizar os restos da antiga pasarela.”

Pola Sra. Alcaldesa indícase que pediron intervir o Sr. Porto Bouzas e a Sra. Lens Lourido, co que se produce un intercambio de opinións entre os voceiros e decídese que interveñan ambos.

- Intervén D. Juan Carlos Porto Bouzas dicindo que defende a 2ª opción para a pasarela, prevista no informe de Patrimonio. Solicita que se debata e aprobe a proposta presentada de posta en valor da antiga pasarela.

- Intervén Dona Mª Jesús Lens Lourido dicindo que non está de acordo coa ventá e pide que se remate a obra e se tape a pasarela.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que o Goberno Local é cobarde e non formula a súa postura. Defende a participación cidadá e indica que no Pleno no que foi a Comisión Antiviolenza non se deixou intervir á outra parte e non debe existir un dobre raseiro, se agora se permite intervir que interveña, pero a partir de agora que se acepte que calquera veciño participe.

Debe quedar claro que o Grupo Municipal de EU-IU agradece ao colectivo que teña collida a luva da proposta de respectar o patrimonio cultural e aplauden a preocupación polo mantemento do patrimonio.

Defenden unha ventá arqueolóxica nesa rúa, pois os construtores foron desfacendo a pasarela. Agora hai valores e cuestións, hai que facelo ben e se di que non hai cartos, pero na Xunta de Goberno Local hai cartos para o seguinte: restaurantes, Arousa XXI, asistencia técnica... Non é un problema de diñeiro, é un problema de intención política, algo debe pasar co sillón de urbanismo. A postura de EU-IU é poñer en valor eses restos.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que o colectivo recolleu sinaturas para poñer en valor os restos da pasarela. O Goberno Municipal fixo unha cata previas e dou conta a Patrimonio. Segundo o informe de Patrimonio falase dun muro de contención dunha pasarela e recomendou conservar os restos catalogándoos e nese senso informaron mais técnicos, e outros expertos en arqueoloxía.

Poñer en valor significa axudar a interpretar, e o que aquí se discute é “ventá arqueolóxica” si ou non en cambio non se fala se teñen entidade ou non eses restos.

A actitude do Goberno Municipal foi realizar catas na Praza de España, que foron infrutuosas, logo falouse de poñela en valor e logo de abrir unha ventá arqueolóxica, e suspender as obras mentres tanto, e incluso pediuse a catalogación das beirarrúas de Padre Feijoo e un pleno extraordinario. Sobre o debate plenario, aquí estamos, pero discrepamos na forma e o prezo.

O informe externo dixo: a ventá presenta numerosos inconvenientes. A cubrición e a opción máis apropiada. Dino dous arqueólogos dunha empresa externa independente. Aquí está o anteproxecto coa posta en valor dos muros da pasarela, cun orzamento de 31.000 €, e a empresa insiste en que non se debe facer.

A obra que se está facendo é unha actuación mais ambiciosa que a pasarela en sentido estrito, sendo responsabilidade do goberno municipal gobernar e non hai un só informe técnico que avale a ventá. Corresponde concluír as obras, os restos protexéronse de acordo coa Xunta de Galicia e os grupos políticos que a defenden a poden levar nos seus programas

para o 22 de maio. Cada cal que asuma as súas responsabilidades. Hai que usar o sentido común e concluír as obras de peatonalización.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que o Grupo Municipal do PP comprométese a incluír no programa a posta en valor da pasarela. As tubarías de Castelao non é un resto arqueolóxico e mentiron continuamente aos cidadáns sobre ese proxecto. O retraso da obra e pola xestión. Nos 20 anos de goberno destrozaron Vilagarcía e non se pode interpretar o pasado con paneis. Pregunta canto diñeiro se gastou en Castro Aobre, pero na pasarela non fai falla vixilancia. Por que tanto empeño para que non se poña en valor, O Grupo de Goberno tivo certo diálogo neste tema, non obraron con nocturnidade, por que coinciden os arqueólogos nos seus informes, que non son concluíntes, trouxeron informes ambiguos que non conclúen e a Sra. García Sanmartín le parte dos informes, o procedemento segundo ela é protexelo. Falaban de pechalo e logo levantalo e poñelo en valor segundo dixo vostede nas reunións. Sempre hai tempo para pechalo. Fixeron unhas catas para que non aparecese nada. Hai un orzamento da obra que se modificou varias veces e preguntouse polo PP se existía posibilidade dentro do financiamento do proxecto. Se houbera que ir a outras partidas de outros servizos había que falalo, pero nunca dixeron se se podía facer ou non con cargo á obra. A postura do PP e poñelo en valor. Se se pecha non se abrirá nunca.

- Sendo as 19 horas pola Policía Local procédese a expulsar a un membro do público asistente ao Pleno, que profería insultos e interrompeu a intervención do voceiro do PP.

Continúa o Sr. Fole dicindo que hai multitude de postas en valor deste tamaño noutros municipios, o coidado do patrimonio non existiu nos últimos 20 anos. A maioría dos comerciantes piden unha cousa e só 1 ou 2 piden outra. Debería xustificarse o tema do financiamento e o PP apoiaría a posta en valor.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que agradece a intervención do voceiro da Comisión Cidadá e da Sra. que interveu, pero debe prevalecer o interese xeral, cada cal asumirá as súas consecuencias. Apoia a ventá arqueolóxica.

- Intervén o Sr. Castro Ratón dicindo que poñer en valor o patrimonio forma parte do ADN do BNG, pediu diálogo e houbo diálogo e independentemente diso acceden a dialogar con estas persoas, pero chegado aquí hai un problema dentro desa relación bilateral, o acordo que se mantiña con esas persoas era que agora se pechara e se dotara en 2011 o orzamento para esta actuación. Aí estamos e esta e a súa proposta para que prospere o ben común.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que fai unha reflexión breve. Ve como moitos veciños pasaron polo Pleno pero unha organización política monta un belén. Os que gobernan. Hai uns informes de parte neste tema e pregunta canto custaron. Se o problema son 31.000 € e se conservan igual que tapado que se gasten.

O programa do PSOE vale o que vale. Prometeron o pleno emprego e hai mais parados que nunca. EU-IU defende a posta en valor e se hai que poñelo no programa electoral poñerano. En xaneiro dicía a Sra. García Sanmartín que non entendía por que o Sr. Abuín Duro non defendía os bancos se no PXOM hai un catálogo haberá que duplica-lo catálogo.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que o BNG escorre o bulto polas obrigas de goberno e o PP intenta poñer enriba da mesa o sentido común desde xuño de 2007, pero levan dous anos sen aprobar un orzamento municipal, como van a crer no orzamento de 2011.

Pregunta á concelleira polas prioridades do Grupo de Goberno, está contemplado nesa obra o cambio de moitos farois que custan entre 60.000 e 70.000 €, e o PP dixo que non había razóns para cambialas. Teñen moito de onde sacar os cartos dese proxecto.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que nas Comisións que se celebraron desmontáronse os argumentos xurídicos e técnicos e só cabe falar dun capricho persoal, di que non deben poñerse problemas económicos ou xurídicos onde non existen.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que se contratou a asistencia externa por que no cadro de persoal de concello non hai un arqueólogo. A política urbanística está rexida polo PXOM que se aprobou cos votos a favor do PP. O Sr. Fole non comparte os farois e ela non comparte o Monte Gaias. Un arqueólogo escribe en un blog, como arqueólogo di que é factible construír a ventá, pero non cre que mereza a pena pola condensación e a entidade dos restos é escasa, e non tería un impacto positivo na zona. Cada cal que asuma as súas responsabilidades e consecuencias.

- Intervén o Sr. Rodríguez Cuervo dicindo que se fixo alusión aos 20 anos de goberno socialista e di que se sente orgulloso. Vilagarcía contou con 2 PXOM, 1 co Sr. Rivera Mallo e outro do ano 2000, que aprobaron os grupos coa abstención do BNG e EU-IU non presentou contra ese PXOM alegacións. Os socialistas levaron ás parroquias centros culturais. Di que él non gastou un euro en comidas e esgrime o certificado da Intervención Municipal.

- Intervén a Sra. Alcadesa dicindo que se somete a votación a proposta da Comisión cidadá que figura ao final da solicitude consistente en: Poñer en valor coa construción dunha ventá arqueolóxica, cos debidos requirimentos, para que se poidan visualizar os restos da antiga pasarela, dando o seguinte resultado,

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (7), EU-IU (3) e IVIL (1), tres abstencións, pertencentes ós membros do grupo político municipal do BNG (3) , e sete votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE,

ACÓRDASE: Por maioría poñer en valor, coa construción dunha ventá arqueolóxica, cos debidos requirimentos, para que se poidan visualizar os restos da antiga pasarela.

3.- SOLICITUDE DE MANTEMENTO DO SERVIZO PRESTADO POR ATENDO NA ESTACIÓN DE VILAGARCÍA DE AROUSA.- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Igualdade, Benestar e Promoción da Calidade de Vida, en sesión celebrada o día 29 de marzo de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito presentado por Dona Ana Belén Lorenzo Tenorio, Dona Alba Castro Redondo e Dona Verónica Ruiz Canda, coa data de 24 de marzo de 2011, no que solicitan:

1) *Que se introduza na orde do día do pleno ordinario do Concello de Vilagarcía, correspondente ao mes de marzo de 2011, un punto no que o Pleno da Corporación acorde instar ao Ministerio de Fomento, Adif e RENFE, o mantemento do Servizo prestado por Atendo na Estación de Vilagarcía, a lo menos nos mesmos termos que se viña prestando ata o momento.*

2) Que alén no anterior, se permita, tal como se recolle no regulamento de participación cidadá do concello de Vilagarcía, a intervención no pleno, dun representante dos afectados pola eliminación deste servizo, co obxectivo de argumentar e defender a proposta en cuestión.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Por unanimidade de tódolos representantes dos Grupos Políticos Municipais presentes, acórdase informar favorablemente a petición de Dona Ana Belén Lorenzo Tenorio, Dona Alba Castro Redondo e Dona Verónica Ruiz Canda.

- Intervén un representante dos usuarios do Servizo Atendo dicindo que as persoas que tiñan ese dereito agora non o teñen, e a supresión do servizo é unha medida arbitraria.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que parece increíble que con este colectivo se faga esta aberración. O mantemento do servizo é indispensable e o Ministerio de Fomento ten que ir a manter servizos como este. Debe presionarse.

- Intervén o Sr. Carou García dicindo que agradece a intervención e contan co respaldo do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE. O servizo leva 3 anos implantado e dende o Goberno Municipal fixéronse xestións e hai un acordo de Xunta de Goberno Local de solicitar o seu mantemento e queren que continúe o servizo.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que agradece a claridade da persoa que interveu, e como usuario do tren ten que dicir que se está desmantelando, e apoia a reivindicación.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que o PP xa manifestou o seu apoio ás traballadoras, e hai que valorar 3 puntos:

1) Servizo

2) Postos de traballo

3) O futuro da estación de Vilagarcía de Arousa.

Di que o Grupo Municipal do PP vai a apoiar as reivindicacións.

- Intervén a Sra. Lorenzo Fraga dicindo que o BNG considera esta medida inxusta, discriminatoria e antisocial. No Congreso dos Concellos presentou o BNG unha pregunta sobre este tema, están esperando a resposta e debe entrar en razón o máximo responsable e debería esixirse a Renfe e Adif que devolvan o premio recibido en materia social.

Finalmente dicir que o Sr. Fole debería ser tan belixerante coa Xunta de Galicia, que reducen as axudas para a autonomía persoal e so poden acceder as persoas de grao 2 e 3 de dependencia.

Sometido a votación pola Sra. Alcaldesa da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos concelleiros presentes no Pleno, 21 de 21,

ACÓRDASE: Instar ao Ministerio de Fomento, Adif e RENFE, o mantemento do Servizo prestado por Atendo na Estación de Vilagarcía, a lo menos nos mesmos termos que se viña prestando ata o momento.

- Sendo as 19:45 horas suspéndese a sesión durante 15 minutos.

- Sendo as 20:00 horas reanúdase a sesión.

4.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.- Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións emitidas pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE FEBREIRO 2011:

2.- Arquivo expediente de terraza.

1.- Concesión de licenza definitiva actividade cafe-bar.

1.- Declaración de caducidade expedientes.

1.- Autorización de transmisión de licenza municipal de apertura.

1.- Subrogación posición no expediente de transmisión de licenza municipal de apertura/actividade.

2.- Concesión de licenza municipal de apertura de establecemento.

1.- Concesión de licenza provisional actividade.

1.- Concesión prazo de audiencia previa a caducidade de licenza.

1.- Concesión de cambio de nome de licenza de actividade.

1.- Corrección concesión licenza de data 26/09/2005 de construción 3 vivendas unifamiliares.

2.- Concesión de legalización de obras realmente executadas.

2.- Remisión expediente a Augas de Galicia – legalización muro.

1.- Remisión expediente Modificación Puntual PXOM a Consellería Medio Ambiente.

1.- Remisión expediente Modificación Plan Parcial a Consellería Medio Ambiente.

1.- Informe uso público camiño.

8.- Concesión de licenza municipal de obra maior.

2.- Concesión de transmisión de licenza municipal de obras.

1.- Denegación de licenza municipal construción edificio.

2.- Concesión de renuncia tramitación de expediente.

1.- Non tramitación de expediente ARI.

1.- Concesión de prórroga para realización de obras de construción de vivenda.

1.- Concesión de legalización, primeira ocupación e acometidas auga e saneamento.

1.- Concesión acometida recollida augas residuais.

48.- Concesión de licenza municipal de obra menor.

1.- Requirimento presentación de informe-dictame de seguridade.

1.- Imposición de multa coercitiva por incumprimento orde demolición.

1.- Orde demolición de muro.

1.- Mantemento orde de paralización de obras.

1.- Desestimación alegacións presentadas expte. reposición legalidade urbanística.

1.- Requirimento para que aclare destino restos edificación.

3.- Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística.

2.- Arquivo de expediente sancionador Urbanismo.

1.- Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística.

1.- Inicio de expediente administrativo sancionador por abandono de vehículo.

1.- Inicio de expediente administrativo sancionador por estado abandono can.

1.- Inicio de expediente administrativo sancionador terraza.

1.- Reiterar orde clausura actividade clandestina.

6.- Aprobación de transferencia de créditos.

2.- Aprobación de expediente de Modificación de Créditos de Xeración de créditos de natureza non tributaria.

1.- Concesión de fraccionamento de débeda.

16.- Compensación de débitos e créditos.

14.- Orde de pago de facturas.

- 1.- Dar cumprimento a acordo plenario de 30 de decembro de 2010 para desempeño traballo a xornada completa persoal.
- 1.- Corrixir erro material resolución de datas 4 de outubro e 11 de outubro de 2010 de adxudicación de obras.
- 1.- Imposición de sancións a infractores tráfico.
- 1.- Remisión de expediente administrativo a TSJ Galicia.
- 5.- Representación e defensa de intereses do concello exercida por letrado en procedemento xudiciais.
- 2.- Aprobación Plan Seguridade e Saúde de obras.
- 1.- Orde cambio de titularidade no Catastro Inmobiliario de fincas.
- 1.- Ter por rematado proceso selectivo contratación medico SPAD.
- 3.- Nomeamento de funcionarios interinos.
- 1.- Comunicación a organizacións sindicais dereito a formar parte Mesa Negociación Conxunta Concello selección formación bolsa de traballo Conservatorio Música.
- 1.- Bases/criterios xerais para selección persoal docente (profesorado) Conservatorio Música.
- 1.- Deixar en suspenso realización horas complementarias empregados municipais por baixa laboral.
- 1.- Aprobación gasto aportación Plan de Pensións do mes de xaneiro de 2011.
- 1.- Orde pago cantidade en cumprimento decreto do Xulgado do Social de Pontevedra.
- 1.- Recoñecemento e aboamento importes por xornada laboral en domingo do 1 de xaneiro ao 19 de febreiro.
- 1.- Recoñecemento e aboamento a persoal policía local de servizos horario nocturno de 1 de xaneiro a 19 de febreiro.
- 1.- Recoñecemento e aboamento importes por festivos traballados non domingos, do 1 de xaneiro ao 19 de febreiro.
- 1.- Nomeamento de Alcalde en Funcións.

TOTAL: 164.

O Concello Pleno queda sabedor.

- O Sr. Fole Díaz pide que se deixe intervir a D. Marcos Ramos Cascallar polo tema das terrazas.

- O Sr. Fajardo Recouso di que se saltou o Regulamento de Participación Cidadá no tema da pasarela e debe permitirse falar a este Sr.

- Sendo as 20:15 horas intervén o Sr. Ramos Cascallar, que fai entrega dun escrito a tódolos membros da Corporación no que indica que os hostaleiros levan 6 meses perdendo diñeiro, desde a retirada das estruturas na Baldosa, sen dar o Concello ningunha solución ou alternativa ata o mes de xaneiro. Indica que pensa que non é o mellor momento para estas medidas.

Indica que en outros Concellos de España se están dando facilidades aos hostaleiros, con motivo da Lei antitabaco e aquí é ao contrario e que ninguén está de acordo coa ordenanza xa que ningún establecemento procedeu a cambiar as terrazas. Solicita que desaparezan a unidade de veladores e se volva ao sistema de metros cadrados e solicita un acordo de mínimos, no número de mesas e no deseño da rúa, pero en calquera caso considera que debería ser unha decisión co conxunto dos hostaleiros. Tamén pide que se lle deixe gastar a subvención da Xunta de Galicia e comprar un mobiliario de calidade para as terrazas. Finalmente sinala que a Sra. Abuín Rodríguez debería deixar o cargo de Concelleira.

5. DACIÓN DE CONTA DO NOMEAMENTO DO CONCELLEIRO D. ALVARO CAROU GARCÍA COA DELEGACIÓN ESPECÍFICA DE SAÚDE PÚBLICA, FORMACIÓN E EMPREGO..- Dáse conta da resolución da Alcaldía do teor seguinte:

Tendo en conta que D. Álvaro Carou García, con data 24 de febreiro de 2011 tomou posesión do cargo de Concelleiro, e visto o artigo 23 da Lei 7/1985 de bases do Réxime Local permite á Alcaldía delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das delegacións especiais para cometidos específicos en favor de calquera concelleiros, aínda que non formaran parte de deste órgano.

No tocante ás mencionadas delegacións, e ao abeiro dos artigos 43, 44 e 121 do Rd.2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, indicar:

- Delegacións xenéricas: referiranse a unha ou varias áreas determinadas, e poderán comprender as facultades de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionalos en xeral, incluída no seu caso a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.*
- Delegacións especiais: un dos supostos de delegacións deste tipo son as relativas a un determinado servizo. Neste caso a delegación comprendera a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, sen incluír a facultade de resolver. O exercicio desta delegación poderá ser supervisada polo concelleiro con delegación xenérica.*

A realización das delegacións efectuarase por Resolución da Alcaldía, determinándose o ámbito dos asuntos aos que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, e as condicións específicas do exercicio das mesmas.

De conformidade co artigo 115 do Rd.2568/1986, a Alcaldía como órgano delegante conserva as facultades seguintes respecto das delegacións conferidas:

- A de recibir información detallada da xestión da competencia delegada, e de incluírse tamén dos actos e disposición emanados polo delegado.*
- A de ser informado previamente a adopción de decisións de especial transcendencia.*
- A de considerarse ditados pola Alcaldía os actos do órgano delegante, a efectos da interposición de recursos, agás expresa delegación.*

Dito isto, vistas as atribucións que corresponden á Alcaldía segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, así como os concordantes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, o Rd.781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, o Rd.2568/1986 xa mencionado, en tanto non foran afectados polas modificacións efectuadas na Lei 7/1985, e demais normativa básica vixente, considerando unicamente aquelas atribucións e facultades delegables, esta Alcaldía no exercicio da competencia que lle outorga o artigo 44 do RD.2568/1986, RESOLVE:

Primeiro.- *Deixar sen efecto a Delegación específica realizada no seu día en favor de Dona Victoria Hierro Lorenzo, respecto da área de Saúde pública.*

Segundo.- *Deixar sen efecto a Delegación especial realizada no seu día en favor de D. José Rafael Membrives Rojas, respecto da área de Formación e Emprego*

Terceiro.- *Efectuar a seguinte delegación específica a favor do Concelleiro D. Álvaro Carou García nas áreas de Saúde pública, Formación e Emprego*

Cuarto.- *A delegación conferida exercerase garantindo en todo caso, a unidade de goberno na xestión municipal, e axustándose ao disposto no artigo 115 do Rd.2568/1986 antedito.*

En ningún caso o concelleiro delegado poderá delegar á súa vez a delegación outorgada.

Quinto: *Notifíquese a presente resolución ao concelleiro delegado que nela se indican aos efectos de que se pronuncie sobre a súa aceptación, que se entenderá outorgada tacitamente de non realizala no prazo de 3 días hábiles dende a notificación.*

En ningún caso o concelleiro delegado poderá delegar á súa vez a delegación outorgada.

Sexto: *A presente resolución goza de efectividade dende o día seguinte á súa data, sen prexuízo da súa publicación no BOP, e da dación de conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.*

Así o acorda e dispón o Sr. Alcalde en funcións o día 28 de febreiro de 2011, ante min a Secretaria que certifico.

O Concello Pleno queda sabedor.

6. DACIÓN DE CONTA DE NOMEAMENTO DA CONCELLEIRA DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN COMO PRESIDENTE DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORDENACIÓN, XESTIÓN DO TERRITORIO, OBRAS E SERVIZOS, EN SUBSTITUCIÓN DE D. MARCELINO ABUÍN DURO.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía do seguinte teor:

“Tendo en conta que esta Alcaldía pode delegar o exercicio efectivo da Presidencia das Comisións Informativas municipais, das cales é presidenta nata, pola presente resolve:

PRIMEIRO: Nomear Presidenta da Comisión Informativa de ORDENACIÓN, XESTIÓN DO TERRITORIO, OBRAS E SERVIZOS, á Concelleira Dona Tania García Sanmartín, en substitución de D. Marcelino Abuín Duro.

SEGUNDO: Dar conta desta resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

Así o acorda e dispón a Sra. Alcaldesa-Presidenta, e do que eu, como Secretaria, dou fe.”

O Concello Pleno queda sabedor.

7. DACIÓN DE CONTA DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLEIRO D. ALVARO CAROU GARCÍA EN DIVERSAS COMISIÓNS INFORMATIVAS, EN SUBSTITUCIÓN DE D. MARCELINO ABUÍN DURO..- Pola Sra. Secretaria dáse conta do escrito presentado por D. José Rafael Membrives Rojas, como Voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do seguinte teor:

“D. José Rafael Membrives Rojas, en calidade de concelleiro portavoz do grupo municipal do P.S. de G-PSOE, comunícolle que o concelleiro D. Álvaro Carou García formará parte, en representación do P.S. de G-PSOE, en substitución de D. Marcelino Abuín Duro, das seguintes comisións informativas:

- *Comisión informativa de Xestión Económica, Recursos Humanos e Especial de Contas.*
- *Comisión informativa de Ordenación, Xestión do Territorio, Obras e Servizos.*
- *Comisión informativa de Promoción Económica.*
- *Comisión Informativa de Seguimento das Obras.”*

O Concello Pleno queda sabedor.

8.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA 8 DE MARZO.- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Igualdade, Benestar e Promoción da Calidade de Vida, en sesión celebrada o día 29 de marzo de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da Declaración Institucional do teor literal seguinte:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONSELLO LOCAL DA MULLER CON MOTIVO DO 8 DE MARZO

Dende O Consello Local da Muller do Concello de Vilagarcía como cada 8 de Marzo, Día Internacional da Muller, queremos recordar que a pesar de atoparnos nun momento de crise que está a supoñer un recorte nas políticas públicas, non debemos baixar a garda e queremos reivindicar a defensa de políticas que fomenten a corresponsabilidade, a conciliación e un uso democrático do tempo por parte de mulleres e homes, materias aínda pendente hoxe en día.

O reparto desigual das responsabilidades fai que as mulleres continuemos en situación de desvantaxe, sendo ademais as que cargamos coa necesaria conciliación da vida profesional, familiar e persoal. Somos principalmente as mulleres as que nos vemos sometidas a una dobre xornada. Isto é produto dunha situación herdada, e se ben é certo que nos últimos anos leváronse a cabo accións e medidas encamiñadas a producir cambios neste senso, atopámonos cunha realidade innegable: as mulleres estamos a avanzar neste camiño incorporándonos cada día máis ao espazo público, aportando as nosas capacidades e contribuindo ao desenvolvemento económico, político e social, pero os homes aínda teñen pendente percorrer ese camiño á inversa, é dicir do público ao privado. É preciso pois avanzar para producir cambios que indubablemente repercutirán no benestar da cidadanía, posto que esta reorganización dos tempos, profesional, laboral e familiar, deben abordarse de xeito colectivo, dende o principio da corresponsabilidade e da igualdade de oportunidades. Non podemos, nin colectiva nin individualmente, resolver esta cuestión como un tema de mulleres, a conciliación implicanos a todas e todos, é responsabilidade de toda a sociedade.

Por iso o **Consello Local da Muller** propón á Comisión Informativa de Igualdade, Benestar e Calidade da Vida que ditamine en sentido favorable esta Declaración Institucional que, con motivo do Día Internacional da Muller se presenta ante o Pleno do Concello:

O Concello de Vilagarcía renova o seu compromiso de seguir loitando pola consecución e aplicación das políticas públicas que contribúan a favorecer a conciliación e o benestar da sociedade no seu conxunto, apostando por medidas como as que se están a impulsar, tales como os Plans Municipais de conciliación da Cidadanía de Vilagarcía de Arousa e máis do persoal do concello, o Programa de uso dos tempo na cidade, os bancos de tempo,...., como un xeito de facer de Vilagarcía unha cidade máis amable para a vida e máis igualitaria para as persoas que habitan nela.

Non habendo intervencións, o Concello Pleno por unanimidade acepta a declaración institucional transcrita anteriormente.

9. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO PRIMEIRO PLAN MUNICIPAL PARA A CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E PROFESIONAL DA CIDADANÍA DE VILAGARCÍA DE AROUSA..- Acórdase retirar o presente asunto da Orde do Día.

10. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO POLO QUE HA DE REXERSE A MESA LOCAL DE COMERCIO, ASÍ COMO A DESIGNACIÓN DE DOUS REPRESENTANTES MUNICIPAIS..- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Igualdade, Benestar e Promoción da Calidade de Vida, en sesión celebrada o día 29 de marzo de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do teor literal seguinte:

ASUNTO: PROPOSTA DE APROBACIÓN DO REGULAMENTO POLO QUE HA DE REXIRSE A MESA LOCAL DO COMERCIO.

Visto o Regulamento da Mesa Local do Comercio formulada pola Concelleira Delegada da Área de Promoción Económica e Innovación propoño a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente as normas de actuación polas que ha de rexirse a Mesa Local do Comercio no Concello de Vilagarcía de Arousa.

SEGUNDO: Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente obxeto da proposta no Taboleiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial deste Regulamento de actuación da Mesa Local do Comercio, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare, de conformidade co disposto nos artigos 49 e 70 da L.R.B.R.L.

TERCEIRO: Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das normas que rexirán a actuación da Mesa Local do Comercio, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e entrarán en vigor tras a nova publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación expresa.

- Dona Rosa Abuín Rodríguez propón como representantes do Concello á/o Concelleiro/a de Promoción Económica e Concelleiro/a de Xestión do Territorio.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PSdeG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PP, EU-IU e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría informase favorablemente a aprobación inicial das normas de actuación polas que ha de rexirse a Mesa Local de Comercio no Concello de Vilagarcía de Arousa.

- Intervén a Sra. Abuín Rodríguez dicindo que a Xunta de Galicia xa nomeou o seu representante.

Sometido a votación pola Sra. Alcaldesa da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dezaoito votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (7), BNG (3), PP (7) e IVIL (1), e tres abstencións, pertencentes ós membros do grupo político municipal de EU-IU (3),

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta da Alcaldía e polo tanto aprobar inicialmente as normas de actuación polas que ha de rexerse a Mesa Local do Comercio no Concello de Vilagarcía de Arousa.

Nomear como representantes do Concello á/ó Concelleiro/a de Promoción Económica e Concelleiro/a de Xestión do Territorio.

11. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG SOBRE DECLARACIÓN DESTE CONCELLO COMO ZONA NON NUCLEAR..- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Igualdade, Benestar e Promoción da Calidade de Vida, en sesión celebrada o día 29 de marzo de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG coa data de 18 de marzo de 2011, do teor literal seguinte:

MOCIÓN: DECLARACIÓN CONCELLO ZONA NON NUCLEAR.

Os efectos sísmicos sobre a central nuclear de Fukushima, no norte do Xapón, obrigaron ás autoridades a declarar o estado de “emerxencia de enerxía nuclear”, producíndose fugas radiactivas, a evacuación de máis de 200.000 persoas en case 40 kms. á redonda e continuando latente o risco de fusión atómica e a explosión do propio reactor nuclear que desencadearía un accidente nuclear fatal a nivel mundial.

Traxedias e accidentes como os ocorridos nas centrais nucleares de Chernóbil, Three Mile Island-Harrisburg en Estados Unidos ou Vandellós-I en Catalunya, que obrigou neste caso ao seu peche definitivo, poñen de manifesto que ningún reactor nuclear é seguro e que a enerxía nuclear carece das garantías ambientais e de seguridade exixíbeis, alén de que non é necesaria para facer fronte ás necesidades enerxéticas de Galiza ou do Estado español.

O pobo galego tense manifestado historicamente contra os intentos de instalar centrais nucleares no noso País. A finais dos anos setenta do século pasado non só se freou a intención de construír unha central en Xove, senón que sentaron as bases para un consenso social contrario a estas instalacións no noso territorio. Foi dende aquela que as ideas e posicións antinucleares se asumiron como maioritarias na nosa sociedade.

Ademais, hai que lembrar que Galiza ten sufrido un dos máis graves problemas derivados da enerxía nuclear ao acoller fronte ás súas costas, a comezos dos anos 80, un vertedoiro de miles de toneladas de residuos radiactivos que contou coa forte oposición do pobo galego e das súas institucións locais, conseguindo paralizar os vertidos na Fosa Atlántica.

A finais do século pasado estivo presente novamente o debate nuclear cando os intentos de ENRESA de situar un cemiterio nuclear no noso País, mais felizmente desbotado, grazas a unha conciencia cidadá contraria á nuclearización.

Galiza non necesita ningunha central nuclear. O noso país exporta na actualidade máis da terceira parte da electricidade que xenera. Os galegos e galegas poderíamos satisfacer as nosas necesidades de electricidade cun baixo impacto ambiental promovendo o aforro e a eficiencia enerxética, desenvolvendo con garantías de respecto ao medio natural as enerxías renovábeis.

A enerxía nuclear non é o futuro e atópase en declive practicamente en todo o mundo, e non representa unha enerxía respectuosa co medio ambiente e coa saúde das persoas. As centrais

nucleares contaminan en todas as fases e supoñen un risco evidente e contrastado para a saúde das persoas, sobre todo en caso de accidentes. O problema de tratamento dos residuos segue pendente, dado que manteñen a súa radiactividade e perigo durante 250.000 anos. É falso que a enerxía nuclear sexa un medio máis barato para a produción de enerxía eléctrica. É preciso calcular o custe incluíndo todo o proceso, que vai desde a extracción do uranio, o seu enriquecemento, as propias centrais nucleares, o reprocesamento do combustíbel e a xestión de residuos.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte
ACORDO

- 1. Declarar o noso concello como zona desnuclearizada.**
- 2. Adherímonos como Corporación municipal ao acordo do Parlamento de Galiza de 6 de setembro de 2006,**

Instando á Xunta de Galiza a que:

- **Se dirixa ao goberno do Estado para que se leven adiante as actuacións necesarias co fin de que Galiza sexa de maneira efectiva territorio desnuclearizado.**
- **O alcance desta declaración implicará:**
 - **A prohibición de localizar no territorio galego un cemiterio nuclear ou depósitos de almacenamento de residuos nucleares.**
 - **A prohibición de que en Galiza se constrúan centrais nucleares.**
 - **Continuar co impulso de políticas de aforro e eficiencia enerxética, ademais de incrementar o uso de enerxías renovábeis no noso modelo enerxético.**

- 3.- Comunicar este acordo aos grupos parlamentares no Parlamento de Galiza.**

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes dos grupos políticos municipais de BNG e EU-IU., informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PSdeG-PSOE, PP e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría informase favorablemente a Moción presentada polo Grupo municipal de BNG sobre declaración do Concello como zona non nuclear.

- Intervén o Sr. Castro Ratón dicindo que é unha moción simbólica despois do sinistro de Xapón e hai casos españois que fan reflexionar, en Xove impedíuse unha central nuclear.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que apoian a proposta e solicitan o traslado ao Goberno do Estado e Congreso dos Deputados, non é unha enerxía inocua.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que comparte a moción e a apoiar.

- Intervén o Sr. Membrives Rojas para destacar a solidariedade con Xapón, e o gran civismo do pobo xaponés. O PSdeG-PSOE apoia a moción por que está no seu programa electoral. Fala dos cambios do PP nesta materia, que despois do sinistro de Xapón cambiaron a súa postura.

Sometido a votación pola Sra. Alcaldesa, coa emenda do Grupo Municipal de EU-IU da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos Concelleiros presente no Pleno,

ACÓRDASE: Aprobar a Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG e

- 1.- Declarar o noso concello como zona desnuclearizada.
- 2.- Adherirmonos como Corporación municipal ao acordo do Parlamento de Galiza de 6 de setembro de 2006, Instando á Xunta de Galiza a que:
 - o Se dirixa ao goberno do Estado para que se leven adiante as actuacións necesarias co fin de que Galiza sexa de maneira efectiva territorio desnuclearizado.
 - o O alcance desta declaración implicará:
 - o A prohibición de localizar no territorio galego un cemiterio nuclear ou depósitos de almacenamento de residuos nucleares.
 - o A prohibición de que en Galiza se constrúan centrais nucleares.
 - o Continuar co impulso de políticas de aforro e eficiencia enerxética, ademais de incrementar o uso de enerxías renovábeis no noso modelo enerxético.
- 3.- Comunicar este acordo aos grupos parlamentares no Parlamento de Galiza.
- 4.- Dar traslado ao Goberno do Estado e Congreso dos Deputados.

12. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG EN DEFENSA DAS PERSOAS AFECTADAS POLAS HIPOTECAS..- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Igualdade, Benestar e Promoción da Calidade de Vida, en sesión celebrada o día 29 de marzo de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG coa data de 25 de marzo de 2011, do teor literal seguinte:

MOCIÓN EN DEFENSA DAS PERSOAS AFECTADAS POLAS HIPOTECAS

O estoupido da crise económica e o incremento do desemprego abocaron a unha delicada situación a miles de persoas que accederon a unha vivenda en propiedade durante o período de bonanza económica a través de préstamos hipotecarios.

Nestes momentos, a perda de emprego, e tamén o deterioro do poder adquisitivo de moitas persoas con emprego, motivados pola persistencia da crise, están a facer aflorar as enormes dificultades que atravesan moitas familias para afrontar os vencementos dos créditos hipotecarios, e con iso a obriga de abandonar a súa vivenda, perdendo así o seu dereito a gozar dunha vivenda digna.

A iso únese que, aínda entregando a vivenda como pago da débeda contraída, non se produce o resarcimento total da mesma, ficando un saldo vivo a favor da entidade financeira que mantén a reclamación do pago pendente sobre outros bens das persoas que xa perderon a vivenda.

Esta situación ten orixe no excesivo valor atinxido por moitas vivendas, ao que contribuíu, impulsada polas institucións financeiras, a política expansiva de concesión dos créditos hipotecarios, intimamente relacionada coa burbulla inmobiliaria. Dun xeito parello ao medre exponencial do prezo da vivenda, tamén se relaxaban as facilidades coas que as entidades financeiras -obsesionadas en obter altos beneficios no curto prazo- taxaron os inmóbeis, que sufriron un descenso inmediato desde a irrupción da crise económica.

Esta delicada situación esixe a adopción de medidas con carácter inminente, pois afecta a un dereito social recoñecido constitucionalmente como é o acceso a unha vivenda digna. Até o momento, o Goberno do Estado púxose de lado das entidades financeiras ao mostrar a súa pasividade malia o aumento das execucións hipotecarias. Así mesmo, a Xunta de Galiza,

consonte as súas competencias en materia de protección dos consumidores, consumidoras, usuarios e usuarias, non impulsou unha soa medida para atallar a situación descrita, cando as persoas afectadas teñen a condición de usuarios e usuarias de produtos financeiros.

A presente moción insta a que se avance nunha reforma da normativa civil, hipotecaria e procesual que permita ponderar adecuadamente os intereses en conflito en caso dunha execución hipotecaria, cando a persoa debedora actuou de boa fe e o inmóbel sobre o que se constituíu a garantía hipotecaria constitúe a vivenda habitual, de xeito que existan causas legais de oposición que poidan ser valoradas polos Xulgados en función da situación económica e social da persoa debedora, non só en relación á posición de privilexio do acredor, para evitar con iso que, á profunda falta de ingresos de moitas economías domésticas que lles impide levar un nivel de vida digna, se xunte a perda da vivenda habitual.

Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Solicitar da Xunta de Galiza a que inste ao Goberno do Estado a

1. Impulsar unha reforma legislativa en materia civil, hipotecaria e procesual dirixida a protexer as persoas cuxa vivenda hipotecada é residencia habitual, que contemple:

a. Admitir a dación en pagamento como cancelación da totalidade da débeda hipotecaria.

b. Posibilitar que nos procesos xudiciais de execución hipotecaria, existan mecanismos de oposición a favor das persoas debedoras que conduza a unha moratoria no pago dos prazos pactados acomodándoos á situación económica da persoa debedora, á transformación nun contrato de arrendamento con opción a compra ou á condonación parcial da débeda.

2. Vincular calquera axuda pública ás entidades financeiras a aceptaren un Código de Conduta sobre execucións hipotecarias onde se comprometan a negociar coas persoas debedoras que atravesan dificultades económicas e destinan o inmóbel a residencia habitual, unha moratoria no pago da débeda axustándoa á evolución da situación económica.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes dos grupos políticos municipais de BNG e EU-IU., informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PSdeG-PSOE, PP e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría informase favorablemente a Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG en defensa das persoas afectadas polas hipotecas.

- Intervén o Sr. Castro Ratón dicindo que a vivenda ten un valor e debe cancelar a situación de débeda pois coa devolución do ben antes quedaba saldada a débeda. Na actualidade estabanse asinando operacións crediticias polo importe do ben ou incluso cun importe superior ao ben, pero o ben perde valor cunha situación de crise económica. Falamos de primeira vivenda e en tanto non se faga unha modificación legal é un código de conduta, hai familias que se ven desposeídas do ben.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que o PP se suma a esta proposta porque o 22 de marzo de 2011 aprobouse por unanimidade no Parlamento de Galicia. Hai unha confusión de términos, débense establecer convenios entre as partes e debe aprobarse o acordo do Parlamento de

Galicia “O Concello de Vilagarcía insta á Xunta de Galicia a reclamar ao Estado que adopte as medidas precisas para que coa entrega do inmovible, cando sexa primeira e única vivenda, se salde a débeda.”

Solicita se cambie o 1º apartado da Moción polo parágrafo anterior.

- O Sr. Castro Ratón indica que acepta a emenda do PP.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que o PP foi responsable en Madrid que non saíse adiante esta medida. O PSOE e o PP non permitiron que saíse adiante no Estado.

Os traballadores non especularon, nin levaron a cabo a quebra financeira. EU-IU non entende a postura do PSOE pois nas súas bases seguro que hai afectados. A postura do PSOE foi un erro.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que é unha responsabilidade das entidades financeiras a valoración das vivendas, este é un tema de xustiza.

- Intervén o Sr. Membrives Rojas dicindo que quere recordar as medidas do Goberno Socialista. A moratoria dos préstamos hipotecarios, as liñas ICO, neste momento este modelo tería un impacto no sector financeiro ademais de ser unha medida que ten riscos, por iso o PSOE traballa en outras medidas como permanecer na vivenda en aluguer aínda que se perda a propiedade.

Di que o PSOE vai a facilitar a aprobación desta moción aínda que cre que pon en risco o sistema financeiro.

Sometido a votación pola Sra. Alcaldesa a Moción coa emenda do Grupo Municipal do PP da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do BNG (3), PP (7), EU-IU (3) e IVIL (1) e sete abstencións, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE,

ACÓRDASE:

1.- Instar á Xunta de Galicia a reclamar ao Estado que adopte as medidas precisas para que coa entrega do inmovible á entidade financeira, cando sexa primeira e única vivenda, se salde a débeda hipotecaria.

2. Vincular calquera axuda pública ás entidades financeiras a aceptaren un Código de Conduta sobre execucións hipotecarias onde se comprometan a negociar coas persoas debedoras que atravesan dificultades económicas e destinan o inmóbel a residencia habitual, unha moratoria no pago da débeda axustándoa á evolución da situación económica.

13.- INTERPELACIÓNS

Non se presentaron.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, a Sra. Alcaldesa preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e

que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

14.- ROGOS E PREGUNTAS.- Polos Sres/as Concelleiros/as non se formulan preguntas nin rogos.

Por parte do público asistente formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

O Sr. Piñeiro di o seguinte:

- No partido de fútbol do Real Madrid se pide a todas as persoas que leven un kilo de alimentos e pide que se faga algo así no Auditorio de Vilagarcía.
- En Trabanca Badiña hai un muro do ano 1.590 que se podería recuperar por un limpador do Concello.
- Unha tapa dun farol nos Duráns ten un burato e debería poñerse unha tapa nova.
- O Plus dos altos cargos é unha vergoña.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa, levántase a sesión, sendo as vinte e unha horas, da que se estende a presente acta, e eu como Secretaria dou fe.